

sobre o anteproxecto de
**Lei de medidas tributarias
e de réxime administrativo**

A P R O B A D O P O L O P L E N O O 1 3 D E O U T U B R O

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 24 de setembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame polo trámite de urxencia, o borrador do anteproxecto de Lei de medidas tributarias e de réxime administrativo.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 27 de setembro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 27 de setembro, a súa presidenta convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o xoves 30 de setembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 8/04, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 8 de outubro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 7/04, de 13 de outubro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e de réxime administrativo

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a dictame está estruturado en dous Títulos, e sete Capítulos con dezanove artigos, catro Disposicións Adicionais, unha Disposición Transitoria e dúas Disposicións Derradeiras. Con este Anteproxecto de Lei modifícanse as seguintes leis:

- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei 11/1992, de 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.
- Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforro de Galicia.
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.
- Lei 4/1988, de 26 de maio, de Función Pública de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
- Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia.

No Título I da Lei, referente ás normas tributarias, e polo que respecta ó Imposto da Renda das Persoas Físicas, establécese medidas de reforzamento da política de fomento da natalidade, así como medias que afectan ás políticas de conciliación da vida laboral e familiar, de asistencia aos maiores dependentes, e de fomento de uso de novas tecnoloxías.

No referente ó Imposto sobre o Patrimonio, establécese un mínimo exento; no que respecta ó Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e actos Xurídicos Documentados, autorízase unha bonificación en apoio do programa de vivendas en alugueiro.

Finalmente, dentro do capítulo de taxas, actualízase o importe das cotas fixas sobre xogos de sorte, envite ou azar, que afectan a determinados tipos de máquinas, para pecha-lo capítulo coa determinación das obrigas de información que en relación con determinados feitos impositivos afectan a notaría e rexistros da propiedade.

O Título II, dedicado ás normas de réxime administrativo, contén, no capítulo I, modificacións da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, des-

tacando a adaptación do actual tratamento das subvencións, ó contido das disposicións de carácter básico da lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No capítulo II expónse unha modificación da Lei de caixas de aforro, co obxecto de supera-la disfunción provocada pola entrada en vigor das normas internacionais de contabilidade.

No capítulo III, regulase a modificación da Lei de Cooperativas de Galicia, no que respecta ó fondo de formación e promoción cooperativa, ós asalariados e ós suxeitos, obxecto, ámbito e réxime dos socios.

Finalmente, dentro das Disposicións Adicionais, abórdase o establecemento dunha prestación familiar por coidado de fillos menores, que se aplicará cando quen os tiveran ó seu cargo non estivesen obrigados a presentaren a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas; adáptase a Lei de Función Pública, no referente á elección do período de vacacións por parte das mulleres xestantes e das mulleres e homes con fillos menores de seis anos, ó establecido na Lei galega para a igualdade de mulleres e homes. Para rematar, modifícase a Lei de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, para evitar contradicións coa lexislación estatal de carácter básico.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Resulta obrigado manifestar de novo que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de Dictame implica unha celeridade na análise deste Anteproxecto que vai en detrimento do resultado esperado do labor consultivo do Consello.

2.- O CES considera que o Anteproxecto de Lei de Medidas fiscais que se presenta para ser dictaminado carece de algo tan importante como é unha Memoria económica que xustifique os cambios de natureza tributaria que se inclúen na Lei.

Para valora-lo alcance e significado das outras leis modificadas, sería necesario que se acompañase unha memoria explicativa que clarificase a repercusión das medidas propostas.

O CES considera que se debe reiterar tamén a súa opinión de que a técnica lexislativa do uso dunha lei para regular materias dispares, modificando parcialmente normas vixentes, impide ó Consello realizar unha avaliación global dos textos obxecto de Dictame, afondando no alcance das modificacións propostas, avaliación que podería producirse coa tramitación ordinaria e unitaria da totalidade da Lei modificada.

Por outra parte, a dispersión normativa producida por aquel procedemento dificulta ós cidadáns o coñecemento completo e inmediato das normas que en cada ámbito lles afectan, menoscabando a seguridade xurídica.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 1: “Imposto sobre a renda das persoas físicas” do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula unha serie de deduccións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda, por nacemento ou adopción de fillos, por familia numerosa, por coidado de fillos menores, por suxeitos pasivos minusválidos, de idade igual ou superior a 65 anos, que precisen axuda de terceiras persoas e por gastos dirixidos ó uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

O CES considera que os mecanismos fiscais de apoio á natalidade, ligados directamente á declaración da renda, exclúen ós colectivos máis desfavorecidos que, non sendo contribuíntes con obriga a declarar por ter un baixo nivel de renda, non terían posibilidade de acceder a ditas deduccións, polo que daría lugar a unha falla de equidade no obxectivo a acadar, que é o apoio a natalidade por nacemento, adopción e nos supostos de familia numerosa (Consideración particular 1ª, *Dictame 01/02 sobre o Anteproxecto de Lei de medidas de réxime fiscal e administrativo 2002*”).

O CES entende que se deberían de graduar-las reducións na cota integra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas en función do nivel de renda dos beneficiarios, e que se debería complementa-lo mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade con mecanismos alternativos de axudas directas ós fillos a través de prestacións sociais directas, en proporción á renda dos beneficiarios e con un límite de renda máximo xenérico, e dunha rede de asistencia pública –garderías, comedores...– (Consideración nº 19 do *Informe-opinión sobre o Plan de Revitalización Demográfica de Galicia*)

2.- O artigo 12 do Anteproxecto de Lei de Medidas Tributarias e de Réxime Administrativo modifica o artigo 78: “Réxime xeral de axudas e subvencións” do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O CES considera que se debería de amplia-la modificación do citado artigo 78 cara a introduci-la posibilidade de que, como acontece cos incentivos á actividade empresarial xestionados polo Igape, se estableza unha normativa específica que regule as subvencións á entidades por formación profesional, dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, de xeito que, entre outras melloras, se abra a posibilidade de incrementar sustancialmente a porcentaxe do anticipo da subvención.

3.- O artigo 17 do anteproxecto de Lei obxecto de dictame modifica o apartado 1 do artigo 110 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, no senso de que se limita o número de horas realizadas polos traballadores por conta allea ó 30% do total de horas/ano realizadas polos socios traballadores, non computándose nesta porcentaxe, entre outros, ós traballadores que se negasen explicitamente a seren socios traballadores (b), ós traballadores que presten os seus traballos en centros de traballo de carácter subordinado ou accesorio (d), e ós traballadores contratados para seren postos a disposición de empresas (e).

O CES entende que a introducción destas tres excepcións do cómputo da porcentaxe máxima de horas realizadas por asalariados podería repercutir nun incremento da temporalidade no traballo, desvirtuando o concepto de cooperativa definido no artigo 1 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.

4.- A Disposición Adicional segunda do Anteproxecto de Lei sometido a dictame engade no artigo 69 da Lei 4/1988, de 26 de maio, de Función pública de Galicia, o recoñecemento do dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes, e a preferencia de elección de mulleres e homes con fillos ou fillas menores de seis anos ou maiores dependentes ó seu coidado.

O CES comparte o contido da citada Disposición en relación o cumprimento da normativa en materia de igualdade e conciliación. Sen embargo, o CES considera que non se deberían de introducir temas relacionados coa negociación colectiva por medio da Lei de acompañamento sen pasar pola Mesa de función pública.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2004

Vº. e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Pablo Egerique Martínez

Asdo: Eliseo Sastre Serrano